# AGOSTO



## VEN 7 > FAMILIA CAAMAGNO E A ORQUESTRA DO QUINCE

**Exterior do Pazo da Cultura | 22.30 h**

A banda de Sigüeiro, Familia Caamagno, festexa 15 anos enriba dos escenarios cos temas do seu novo álbum, *Disco Comarcal,* e estarán acompañados pola Orquestra do Quince, unha formación con catro instrumentistas de vento e un teclista.
O baile, as luces de neón e os mellores pasos prohibidos estarán garantidos grazas ao rock e power pop no que se suceden as melodías luminosas e as guitarras afiadas, e letras retranqueiras e incisivas.

Colabora: Deputación DA CORUÑA



## VEN 14 > DANI GARCÍA

Colabora: Deputación DA CORUÑA

**Barrio Ponte da Pedra | 20.30 h**

*TIN*

Dani García presenta *TIN*, maxia inventiva e moi persoal destinada á diversión do máis cativas e cativos e onde as familias participarán activamente no espectáculo, cheo de humor e sorpresas.

ONDA CULTURAL — ADRO DA IGREXA DE SOFÁN

## XOV 20 > MANU SIJA



**20.00 h** | *Son de Aquí*
(con inscrición previa)
**20.30 h** | *Concerto*

Manu Sija é un dos referentes máis innovadores do jazz contemporáneo en Sudamérica. Multiinstrumentista autodidacta e compositor fusiona a linguaxe do jazz moderno co folclore arxentino e coa experimentación electrónica en vivo, creando unha experiencia sonora que cruza fronteiras estilísticas e xeográficas. Virtuoso do violín, baixo, guitarra, bandoneón, teclados e percusión, Sija utiliza o *live looping* para construír paisaxes sonoros complexos e orgánicos en tempo real cun enfoque visceral na improvisación.
Antes do concerto previsto, e a través das figuras dos gaiteiros como Evaristo, as pandeireteiras do lugar, ou as mártires, percorrase a historia da parroquia e as evolucións das expresións musicais na parroquia de Sofán e o seu entorno.

Coa colaboración da Parroquia de San Salvador de Sofán.

ONDA CULTURAL — BARRIO DO CHORÍS



## VEN 21 > DO RIVÉS

**20.00 h** | *Son de Aquí*
(con inscrición previa)
**20.30 h** | *Concerto*

*Contrabando*

Pechamos *Ondas Culturais* no Barrio do Chorís da man do grupo de música tradicional Do Rivés.
Esta formación de mulleres traballa arredor da tradición desde unha perspectiva contemporánea e respectuosa coa transmisión oral a través da pandereta, a voz e o baile. *Contrabando* é o seu primeiro traballo no que poñerán en valor diferentes formas e sonoridades propias da Costa da Morte.
Para rematar *Son de Aquí,* antes do concerto, visitarase o barrio do Chorís poñendo o foco na súa historia, poñendo o foco no castro, edifcios de augas, o campo de fútbol e a zona escolar.

## VEN 28 > ROCKARBALLO

**Barrio da Milagrosa | 22.00 h**

**PABLO CARBALLO, MAL JUICIO E THE CERNE**

Para rematar a programación regresa con máis forza, Rockarballo, da man de tres grupos do panorama musical bergantiñán que revolucionarán a noite carballesa no barrio da Milagrosa: Pablo Carballo. Mal Juicio e The Cerne.
Pablo Carballo presentará un proxecto de música en galego creado por este artista carballés, que vai dende a bachata ao mambo, pasando polo tradi galego.
O grupo Mal Juicio poñerá a súa enerxia no escenario a través de temas propios de rock xuvenil do seu último traballo *Mal juicio final.* Despois de moitos anos tocando versións, The Cerne somérsexe na creación de temas propios con un marcado estilo rock blues galego, e nostalxia intimista.

Coa colaboración da Asociación Musical Costa da Morte.

## SON DE AQUÍ

***Interesantes propostas musicais conectaránnos con espazos singulares de Carballo***

Previo aos concertos previstos terá lugar unha pequena intervención que achegará aos asistentes á historia, ao patrimonio e ás tradicións do lugar.

Mirador de Santa Irene-Lema, xoves 23 de xullo, 20.00 h
Igrexa de Sísamo, xoves 6 de agosto, 20.00 h
Igrexa de Sofán, xoves 20 de agosto, 20.00 h
Barrio do Chorís, venres 21 de agosto, 20.00 h

Inscrición previa en www.carballo.gal. Prazas limitadas.

**No caso de predición de choiva comunicarase o lugar previsto nas redes sociais do Concello de Carballo coa máxima antelación posible.**

concello de CARBALLO | CONCELLARÍA DE CULTURA

+ INFO: carballo.gal/cultura-e-festas

REDE CULTURAL — Deputación DA CORUÑA

Fundación Luis Calvo Sanz

# ONDAS CULTURAIS 2026



CARBALLO RESOA

concello de CARBALLO

# XULLO

## 9-12 > PLIC!

**Xardín Municipal | Todo o día**

### *Praza dos libros. Feira da creatividade cultural*

Catro días para gozar do libro e a lectura: presentacións literarias, concertos, sinaturas de libros, obradoiros para todas as idades,... Con cada compra teredes un 10% de desconto e posibilidade de agasallos.

Organiza: Concellaría de Bibliotecas. Colaboran: Fundación Luís Calvo Sanz e Muebles Luís

## DOM 12 > BLUES DO PAÍS

Colabora: Deputación DA CORUÑA



**Xardín Municipal |13.00 h**

Blues do país volve a Carballo cargado de Blues, Rhythm'n Blues en galego, misturada con teatro e improvisación. Versións adaptadas á idiosincrasia e a retranca galega para que o público goce dun concerto moi divertido.



## VEN 17 > SEMPRE ARRIBA

Colabora: Deputación DA CORUÑA

**Xardín Municipal | 20.30 h**

### *Hoxe sí!*

Hoxe sí! Hoxe Ela organiza unha festa, na que os obxectos soben e baixan e flotan no aire, onde a música e o circo mistúran-se co o humor e a risa. Unha invitación para as familias para xogar e celebrar con alegría e diversión.

**ONDA CULTURAL** — **MIRADOR DE SANTA IRENE-LEMA**

## XOV 23 > UNTO VELLO



**20.00 h | *Son de Aquí***
(con inscrición previa)
**20.30 h | *Concerto***

Colabora: Deputación DA CORUÑA

### *Inmaterial*

Unto Vello é un dos proxectos máis importantes da música tradicional galega, cun repertorio adicado ao baile tradicional e á voz, acompañados de percusión, gaita e acordeón, que serán os que inicien a programación *Ondas Culturais*.

*Inmaterial* é o seu novo traballo co que tece comunidade grazas a un intenso labor de investigación e reinterpretación das melodías tradicionais do país.
Antes do concerto farase un breve percorrido pola contorna de Baldaio para coñecer súa riqueza folclórica e musical, a través da figura de Carlos "O Xestal", e a memoria histórica deste espazo natural. Coa colaboración da Parroquia de Santa Irene de Lema.

## VEN 31 > ANTÍA MUÍÑO



**Exterior do Pazo da Cultura**
**22.30 h**

### *Anfibia por veces*

*Anfibia por veces* é o novo traballo da artista galega Antía Muíño, unha das revelacións da nova canción galega, que se move entre o jazz-pop, a canción de autora e a música tradicional, sendo a súa proposta artistica unha viaxe entre estilos perfectamente fusionados.
Antía Muíño foi galardoada nos Premios Martín Códax á mellor artista emerxente no ano 2025 e como mellor autora no ano 2026.

Colabora: Deputación DA CORUÑA — Patrocina: Fundación Luis Calvo Sanz

# AGOSTO



**ONDA CULTURAL** — **ADRO DA IGREXA DE SÍSAMO**

## XOV 6 > SOFIA ESPIÑEIRA

**20.00 h | *Son de Aquí*** (con inscrición previa)
**20.30 h | *Concerto***

Colabora: Deputación DA CORUÑA

### *Xeografías*

Continúa a programación *Ondas Culturais,* coa artista galega, Sofía Espiñeira, unha artesá de cancións, creadora e artista multidisciplicinar, que nas súas composicións combina as músicas do mundo coa canción de autora máis íntima e crúa. *Xeografías* retrata as raíces, as fronteiras, os éxodos, explorando as sonoridades e as rítmicas da música de raíz galega e latinoamericana.
Previo ao concerto terá lugar unha pequena presentación da historia local da parroquia, do seu patrimonio relixioso e da importancia dos espazos de encontro veciñal. Coa colaboración da Parroquia de Santiago Apóstolo de Sísamo.

# FESTAS DE VERÁN

## XULLO

**4 BALDAIO**
**XXI Romaría Galega** (A Imende-Noicela)
**4 e 5 ARDAÑA**
Santo Antón e Virxe do Sacramento
**4 e 5 CANCES**
San Pedro
**11 e 12 CARBALLO**
O Socorro e Santo Antón (A Brea)
**10 e 11 LEMA**
San Cristovo
**16 SOFÁN**
Virxe do Carme (A Piña)
**19 ALDEMUNDE**
Sta. María Magdalena
**19 SÍSAMO**
Virxe do Carme
**25, 26 e 27 SÍSAMO**
Santiago Apóstolo

## AGOSTO

**1 e 2 CARBALLO**
San Cristovo
**1 e 2 NOICELA**
O Carme
**4 e 5 ARTES**
O Perpetuo Socorro
**5 e 6 RAZO**
Santo Antón e Santa Mariña
**6, 7 e 8 SOFÁN**
San Salvador
**9 e 10 SOFÁN**
Virxe de Fátima (Paradela)
Santo Antón (Prearada)
**10, 11 e 12 VERDILLO**
San Lourenzo
**14, 15 e 16 BÉRTOA**
Santa María
**15 e 16 ARDAÑA**
Virxe do Carme e O Perpetuo Socorro
**15, 16 e 17 RUS**
Santa María
**22 BALDAIO**
**XXVI Festa do Berberecho** (A Imende-Noicela)
**29 CANCES**
**XXII Festa do Pichorro**
**31 NOICELA**
San Ramón

## SETEMBRO

**4, 5 e 6 CARBALLO**
A Milagrosa
**4, 5 e 6 XOANE**
Virxe de Lourdes e San Ramón
**7 e 8 RUS**
Os Milagres en San Sadurniño
**8 ARTES**
Os Milagres
**16 BÉRTOA**
Santa Eufemia
**19 e 20 LEMA**
Santa Irene
**19 e 20 RUS**
Santa Eufemia e San Mateo
**19 VERDILLO**
Virxe das Dores
**26 e 27 ARDAÑA**
Virxe dos Remedios e Vilamaior
**28 e 29 VILELA**
San Miguel e Virxe do Sacramento

# E ADEMAIS

**7 e 8 de xullo**
***XIX Curso de verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua: Memoria democrática e lingua: a quimera da normalización***
Fórum Carballo. Inscrición previa: www.udcxest.udc.gal Organiza: Universidade da Coruña. Colabora: Servizo de Normalización Lingüística

**14 de xullo**
**Vagalume Animación**
***Operación Barranco***
Centro Social de Goiáns, 21.15 h. Entrada libre e gratuíta. Organiza: Vagalume Animación

**20 de xullo**
***O karaoke deportivo dos Bolechas***
Praia de Razo, 18.00 h Organiza: Secretaría Xeral da Lingua, Falaredes. Colabora: Servizo de Normalización Lingüística

**28 de xullo**
**Vagalume Animación**
***Operación Barranco***
Centro Social de Bértoa, 21.15 h. Entrada libre e gratuíta. Organiza: Vagalume Animación

**31 de xullo**
**A incrible historia da maxia**
Praia dos libros-Razo, 18.30 h. Organiza: Concellaría de Bibliotecas

**28 de agosto**
**David Merelas Figueroa**
***MERE - cidamente***
Praia dos libros-Razo, 18.00 h. Organiza. Concellaría de Bibliotecas

**30 de agosto**
**Exposición colectiva**
***O susurro dos antergos***
Milagros Cotelo, Cristina Castro, Isabel Soutullo, XMN (Maribel Castiñeira), Loli España, Luís Pesce, Mon Lendoiro. Sala Exposicións andar -1 do Pazo da Cultura, de 17.00 h a 20.00 h

# NOITES DE CINE

## XULLO

***El casoplón***
**Mércores 8**
**22.30**
RAZO (Praia)
88' / Todos os públicos
Comedia

***Campamento Garra de oso***
**Mércores 15**
**22.30**
PRAZA DO CHORÍS
98' / Todos os públicos
Comedia e aventuras

***Los Futbolísimos 2: El misterio del tesoro pirata***
**Xoves 16 | 22.30**
SOFÁN-PRAZA
95' / Todos os públicos
Comedia e aventuras
A. Mulleres Rurais San Salvador-Sofán

***Padre no hay más que uno 5: Nido lleno***
**Mércores 22**
**22.30**
PRAZA DE SAN CRISTOVO
100 ' / Todos os públicos
Comedia

***¿Quién es quién?***
**Mércores 29**
**22.30**
CANCES
(Campo da Capela)
95' / Recomendada +7 anos
Comedia
AC San Campio-Cances

***Sketch. Cuidado con lo que dibujas***
**Xoves 30 | 22.30**
ENTRECRUCES
(Local social)
92' / Recomendada +7
Comedia e aventuras
AV San Xes de Entrecruces

## AGOSTO

***Romería***
**Mércores 5**
**22.00**
XARDÍN MUNICIPAL
115' / Recomendada +16
Comedia e drama

***Los Futbolísimos 2: El misterio del tesoro pirata***
**Xoves 13 | 22.00**
BALDAIO
(Pedra do Sal)
95' / Todos os públicos
Comedia e aventuras
AC Castro de Lema

***¿Quién es quién?***
**Mércores 19**
**22.00**
A BREA
95' / Recomendada +7 anos
Comedia
AC Mestra Carmen Cancela

***Padre no hay más que uno 5: Nido lleno***
**Mércores 26**
**22.00**
SÍSAMO
100 ' / Todos os públicos
Comedia
AV Santo Apóstolo de Sísamo

***El casoplón***
**Xoves 27 | 22.00**
LEMA (Local social)
88' / Todos os públicos
Comedia
AC Ría de Lema

## SETEMBRO

***Rondallas***
**Xoves 3 | 21.30**
PRAZA DA MILAGROSA
112' / Recomendada +12
Comedia e drama
ACD Milagrosa